

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36003832	CEIP Valle-Inclán	O Grove	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Combinada: Comunicación e representación da realidade / Crecemento en harmonía / Descubrimento e exploración da contorna	6º Inf.	8 / 8 / 8	280 / 280 / 280

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	46
4.2. Materiais e recursos didácticos	49
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	50
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	50
6. Medidas de atención á diversidade	50
7.1. Concreción dos elementos transversais	51
7.2. Actividades complementarias	52
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	53
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	54
9. Outros apartados	54

1. Introducción

A programación é unha toma de decisións sobre as intencións educativas cun grupo de alumnado determinado. A necesidade de programar é evidente porque facilita a organización da aula, ten en conta a realidade do alumnado e consegue un ensino máis organizado, coherente e, polo tanto, de maior calidade. Non debemos esquecer, iso si, que se debe tratar dunha programación flexible, capaz de dar resposta á diversidade do alumnado, e aberta a posibles modificacións, o que permitirá solucionar os diferentes imprevistos e necesidades que vaian xurdindo na práctica diaria.

O presente documento recolle a programación de 6º de educación infantil (5 ANOS) do CEIP Valle Inclán de O Grove para o curso 2023/2024. Para a súa elaboración tiveronse en conta as directrices recollidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, modificada recentemente pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, e tamén o establecido polo Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. Do mesmo xeito, esta programación parte de numerosos documentos do centro como o Proxecto Educativo e a Programación Xeral Anual.

Xa para rematar esta breve introdución convén destacar, ademais, que a educación infantil constitúe unha etapa educativa con entidade propia que contribúe ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual dos nenos e nenas menores de seis anos. Trátase, en definitiva, dunha etapa na que desenvolvemento e aprendizaxe son dous procesos dinámicos que teñen lugar como consecuencia da interacción co entorno, de aí a importancia dun ambiente de afecto e confianza e da colaboración constante coas familias.

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO ENTORNO

Atopámonos no CEIP Valle Inclán, un centro de titularidade pública que actualmente ten en funcionamento 3 unidades de Educación Infantil e 8 de Educación Primaria, e que conta cos órganos de goberno e de coordinación docente que lle corresponde segundo o Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria e a Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Dito centro está situado no lugar de Ardia, no Concello de O Grove, unha vila costeira cunha importante afluencia de visitantes nos meses do verán e que se caracteriza por contar cunha economía baseada en dous grandes sectores: o mar e o turismo.

En todo caso, convén sinalar que o centro está rodeado por amplos espazos naturais bañados pola ría de Arousa e poucas edificacións próximas, na súa maioría vivendas. Atópase, ademais, a escasa distancia da emblemática illa da Toxa, á que se pode acceder a pé.

En relación coas instalacións, o centro conta con dous edificios:

- Un edificio principal de dous andares no que se distribúen as aulas e outros espazos como a sala de psicomotricidade, a biblioteca escolar, a sala de cine ou a radio.
 - Un edificio administrativo, no que se atopan a aula de música, o despacho de Orientación, a oficina de atención ao público do equipo directivo, unha sala de xuntas e un espazo cedido á ANPA.
- Outras instalacións do centro son o pavillón e o patio. Este último conta cunha horta escolar e cun espazo destinado ao alumnado de educación infantil (provisto de bambás e un areeiro).

En canto ao equipo docente, o centro conta actualmente con 21 mestres, entre os que se atopan os titores de cada aula e os especialistas en Filoloxía Inglesa, Educación Musical e Educación Física. A maiores, tamén conta con profesorado especialista en Audición e Linguaxe, Pedagogía Terapéutica, un orientador e unha mestra de Relixión compartida, así como un conserxe.

En canto aos servizos de conciliación, ofrécense un Plan Madruga e un comedor escolar xestionado pola ANPA.

Centrándonos agora no horario escolar, a xornada é única e distribúese da seguinte forma:

PRIMEIRA HORA 9:40-10:30

SEGUNDA HORA 10:30-11:20
TERCEIRA HORA 11:20-12:10
RECREO 12:10-12:40
Plan lector 12:40-13:00
CUARTA HORA 13:00-13:50
QUINTA HORA 13:50-14:40

A maiores do horario indicado, a biblioteca do centro permanece aberta polas tardes de 16:00 a 18:00 (excepto martes e venres), quedando un mestre de garda. Os martes de 16:00 h a 18:00 h lévanse a cabo reunións xerais, de coordinación, atención a pais/nais e traballo persoal.

CARACTERÍSTICAS DO GRUPO-AULA

A presente programación está deseñada para unha aula do centro descrito, un grupo no que conviven 18 nenos/as de 6º de Educación Infantil que xa compartiron clase o curso pasado, excepto un neno e unha nena que se acaban de incorporar procedentes de Venezuela.

Entre as características psicoevolutivas propias dos nenos e nenas de 5 anos, poderían destacarse as seguintes:

- No ámbito cognitivo, seguindo a Piaget, estes nenos/as atópanse no estadio preoperacional. A característica máis importante desta etapa é a función simbólica, que se manifesta na linguaxe, na imitación diferida, no debuxo e no xogo simbólico, e o seu pensamento caracterízase por trazos como o egocentrismo, a centración e o animismo.
- No ámbito afectivo e social, seguindo Wallon, sitúanse no estadio do personalismo (dos 3 a 6 anos), no que os nenos tratan de gañar o afecto dos maiores imitando os seus xestos e actitudes. Ademais, as súas relacións ampliáanse e comezan a formar pequenos grupos de relación, nun comezo homoxéneos en canto ao sexo, intereses, xogos.
- En canto ao desenvolvemento da linguaxe, pouco a pouco os nenos/as van alcanzando un notable nivel de desenvolvemento e un amplo vocabulario. A súa linguaxe oral adquire unha maior expresividade e, en xeral, podemos dicir que aos 5 anos teñen asimiladas as regras gramaticais básicas da súa lingua materna.
- No que se refire ao desenvolvemento moral, e tomando como referencia a Piaget, a moral destes nenos é heterónoma: teñen criterios sobre o que é bo ou malo, pero non lles son propios, xa que dependen dos adultos que os rodean.
- Finalmente, no ámbito psicomotor, o período dos 3 aos 6 anos é moi importante para perfeccionar as bases do movemento e chegar a definir a lateralidade. Constrúen o seu esquema corporal a través da exploración do seu propio corpo, e isto permítelles incrementar o control do tono muscular e a respiración, perfeccionar o seu equilibrio e orientarse no espazo e no tempo.

Convén recordar que as características que se acaban de citar son moi xerais. Por este motivo, os mestres debemos esforzarnos en coñecer individualmente a cada un dos nosos alumnos e alumnas.

Por outra banda, seguindo o disposto no Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no que se coidarase que o alumnado adquire de forma oral e escrita o coñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia (galego e castelán) dentro dos límites propios da etapa da Educación Infantil. Neste aspecto será necesario ter en conta o Proxecto Lingüístico do centro, no que se recollen propostas para traballar as dúas linguas no entorno escolar.

Unha vez descrito o contexto, os seguintes apartados recollen a programación combinada das tres áreas curriculares sinaladas no Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia:

- Comunicación e representación da realidade.
- Crecemento en harmonía.
- Descubrimento e exploración da contorna.

Como é lóxico, na etapa de educación infantil as tres áreas abordanse de xeito globalizado por medio de actividades que teñan interese e significado para os nenos, sen esquecer a importancia de crear un ambiente de afecto e confianza que favoreza o desenvolvemento e autonomía do alumnado, así como a necesaria colaboración coas familias do alumnado.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1	1				1		
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1	1			1			
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubriendo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1		1	1			1	1
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1	1		1				
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1			1				1
OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.	1				1	1	1	
OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva	1	1			1	1	1	1
OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable			1	1		1	1	1
OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos						1	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo.	1		1	1	1		1	
OBX2 - Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.	1		1	1	1		1	
OBX3 - Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.	1			1				1
OBX4 - Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.	1	1		1		1		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Aventura pirata	Esta unidade didáctica desenvolverase ao longo do primeiro trimestre e terá como centro de interese os piratas. Comezaremos así o curso cunha temática que acostuma espertar o interese dos nenos e nenas polo seu carácter fantástico, o que permitirá abordar os diferentes contidos do currículo dun xeito lúdico e divertido. Así, a través desta unidade descubriremos os complementos básicos dun pirata, os tipos de barcos e as súas partes, coñeceremos varios piratas famosos do cine e a literatura, e exploraremos diferentes obxectos relacionados coa navegación. Do mesmo xeito, tamén aproveitaremos para reflexionar sobre a igualdade de xénero grazas ao emprego de	295	X		

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Aventura pirata	contos como Daniela Pirata, que nos mostra que todos e todas podemos chegar a ser o que queremos ser independentemente do noso sexo.	295	X		
2	Entre estrelas e planetas	Esta unidade didáctica desenvolverase ao longo do segundo trimestre e terá como centro de interese o sistema solar e os diferentes elementos que o forman, como os planetas, a Lúa e o Sol. Coñeceremos tamén algunhas das viaxes espaciais máis curiosas da historia, como a chegada do home á Lúa ou o envío da cadela Laika ao espazo, e reflexionaremos sobre a necesidade de coidar a Terra para vivir nun planeta limpo e libre de contaminación. Do mesmo xeito, tamén descubriremos os fenómenos que dan lugar ao día e á noite e algúns datos curiosos sobre o pasado da astronomía.	235		X	
3	Deportistas olímpicos	Esta unidade didáctica desenvolverase ao longo do terceiro trimestre e terá como centro de interese os Xogos Olímpicos. O próximo verán (2024) celebrarase este evento deportivo en París, o que constitúe unha boa ocasión para coñecer a orixe destes xogos na Grecia antiga, descubrir algúns dos deportes que compiten, e explorar numerosas curiosidades sobre a cidade onde se celebran este ano e os diferentes países participantes neste evento. Do mesmo xeito, tamén aproveitaremos esta unidade para destacar a importancia da actividade física para seguir un estilo de vida saudable, e culminaremos o curso escolar coa nosa propia celebración dos xogos olímpicos no patio, onde practicaremos algúns dos nosos deportes favoritos.	215			X
4	PDI 50 Aniversario do cole	Trátase do Proxecto Documental Integrado (PDI) coordinado pola biblioteca escolar, un proxecto no que participan todas as aulas do centro e que se desenvolverá ao longo de todo o curso escolar. Este ano a temática escollida é o 50º aniversario do noso centro, un tema co que descubriremos os inicios do noso cole aló polos anos 70, chegando a descubrir as principais diferenzas entre o ensino daquela época e o dos nosos días. Ademais, no caso do alumnado de Educación Infantil, centraremos máis concretamente en coñecer a figura de Ramón del Valle-Inclán, escritor que dá nome ao noso centro escolar. Deste xeito coñeceremos a vida deste autor, dende a vila onde naceu ata as súas principais obras, sen esquecermos da súa representativa imaxe sempre acompañada de anteollos e longa barba.	95	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Aventura pirata	295

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Participa activamente nas conversas da aula.	TI
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Clasifica os obxectos atendendo á posesión dalgún atributo.	
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Progresar na coordinación dos seus movementos.	
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	Progresar na representación completa do esquema corporal.	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Emprega a acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico.	
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Participa activamente en xogos espontáneos e dirixidos.	
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Identifica diferenzas entre as persoas e adopta posturas non discriminatorias.	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo ou tarefas cotiás	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Identifica nas demais persoas estados de ánimo e emocións.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Incorpora ao seu repertorio lingüístico vocabulario das dúas linguas cooficiais.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Amósase sensible aos sentimentos das outras persoas e préstalles axuda cando as ve en apuros.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Amosa interese por coñecer cancións e rimas noutras linguas.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Gústalle participar nos proxectos e pequenas investigacións que se fan na aula.	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Recoñece hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar.	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Trasmite emocións, ideas e pensamentos de forma oral.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Acepta as normas de convivencia.	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Soluciona autonomamente as necesidades que xorden durante o xogo.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Iniciouse no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Recoñece e participa nas festas populares que se celebran na súa contorna.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Fai uso da biblioteca como fonte de información e como fonte de pracer.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Participa con atención nos momentos de lectura grupal.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa ideas, emocións e pensamentos a través de diferentes técnicas plásticas gozando do proceso.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Participa activamente na interpretación de cancións e xogos musicais.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valora e respecta as producións das compañeiras e dos compañeiros.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa activamente e goza en actividades de dramatización, xogo simbólico, dramático e outros xogos de expresión corporal.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Fai uso das ferramentas tecnolóxicas para a procura de información.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.

Contidos

- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.
- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir.
- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.
- Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas.
- Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.
- Avance e control progresivo da motricidade fina.
- Ampliación do repertorio lingüístico individual.
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.
- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.
- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.
- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.
- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.
- Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuizos.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Asentamentos e actividades da contorna.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aprecio da escoita musical como fonte de gozo. - Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos. - Respecto cara ás producións alleas. - Uso do baile e da danza como medios de expresión. - Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.

UD	Título da UD	Duración
2	Entre estrelas e planetas	235

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Progresa na coordinación dos seus movementos.	TI
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Manifesta interese por comunicarse con persoas adultas e coas/cos iguais.	
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Pode ordenar un conxunto de obxectos empregando diversos criterios sucesivamente (forma, cor, tamaño...).	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Emprega a acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Asocia as figuras xeométricas coas formas presentes no seu contorno.	
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Participa activamente en xogos espontáneos e dirixidos.	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Busca explicacións sobre as causas e as consecuencias de fenómenos do medio natural e dos producidos pola acción humana.	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo ou tarefas cotiás	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Identifica nas demais persoas estados de ánimo e emocións.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Amósase sensible aos sentimentos das outras persoas e préstalles axuda cando as ve en apuros.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Amosa interese por coñecer as peculiaridades lingüísticas da contorna próxima.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Amosa interese por coñecer cancións e rimas noutras linguas.	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Gústalle participar nos proxectos e pequenas investigacións que se fan na aula.	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	Amósase sensible cara á conservación e mantemento de ambientes limpos e non contaminados.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Participa activamente nas conversas da aula.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Adáptase ás rutinas establecidas para o grupo.	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Participa nas actividades de xogo simbólico orientadas á identificación de todo tipo de estereotipos.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Iniciouse no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Participa con interese en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Fai uso da biblioteca como fonte de información e como fonte de pracer.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Participa en conversas e outras propostas lúdicas a partir da lectura de textos literarios.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa ideas, emocións e pensamentos a través de diferentes técnicas plásticas gozando do proceso.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Participa activamente na interpretación de cancións e xogos musicais.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Explora as posibilidades plásticas e creativas de diversos materiais, útiles, soportes.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa activamente e goza en actividades de dramatización, xogo simbólico, dramático e outros xogos de expresión corporal.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Fai uso das ferramentas tecnolóxicas para a procura de información.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none">- Comunicación interpersonal: empatía e asertividade.- Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación.- Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos.- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir.- Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos e control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas.- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...- Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.- Avance e control progresivo da motricidade fina.- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.- Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.- Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade.- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.- Respetto e protección do medio natural. Respetto polo patrimonio cultural presente no medio físico.- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.- Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación.- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.- Asentamentos e actividades da contorna.- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Aprecio da escoita musical como fonte de gozo. - Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos. - Respecto cara ás producións alleas. - Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática. - Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.

UD	Título da UD	Duración
3	Deportistas olímpicos	215

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Clasifica os obxectos atendendo á posesión dalgún atributo.	TI
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Progresa na coordinación dos seus movementos.	
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Explora as posibilidades plásticas e creativas de diversos materiais, útiles, soportes.	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Identifica os diferentes usos e funcións dos números.	
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Participa activamente en xogos espontáneos e dirixidos.	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Ordena temporalmente as súas descrições utilizando correctamente as nocións: onte, hoxe, mañá.	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo ou tarefas cotiás	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Identifica nas demais persoas estados de ánimo e emocións.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Respecta as quendas de palabra e escoita con atención ás compañeiras e os compañeiros.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Amósase sensible aos sentimentos das outras persoas e préstalles axuda cando as ve en apuros.	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Gústalle participar nos proxectos e pequenas investigacións que se fan na aula.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Amosa interese por coñecer cancións e rimas noutras linguas.	
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Busca explicacións sobre as causas e as consecuencias de fenómenos do medio natural e dos producidos pola acción humana.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Actúa con iniciativa e autonomía en actividades da vida cotiá.	
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	Transmite emocións, ideas e pensamentos de seu coas súas creacións.	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Relaciónase en actividades ou xogos con outras persoas evitando todo tipo de discriminación.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Iniciouse no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Recoñece e participa nas festas populares que se celebran na súa contorna.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Gústalle mirar e ler libros de forma autónoma.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Participa en conversas e outras propostas lúdicas a partir da lectura de textos literarios.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Dá a súa opinión sobre producións plásticas cunha pequena argumentación.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Participa activamente na interpretación de cancións e xogos musicais.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Desfruta experimentando cos materiais plásticos.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa activamente e goza en actividades de dramatización, xogo simbólico, dramático e outros xogos de expresión musical.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Fai uso das ferramentas tecnolóxicas para a procura de información.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir. - Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas. - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións. - Avance e control progresivo da motricidade fina. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. - Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia. - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. - Creación de textos ou enunciados orais formais e informais. - Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade. - Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc. - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico. - Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. - A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz. - Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. - Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega. - Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos. - Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación. - Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna. - Asentamentos e actividades da contorna. - Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras. - Aprecio da escoita musical como fonte de gozo. - Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos. - Respecto cara ás producións alleas. - Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática. - Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.

UD	Título da UD	Duración
4	PDI 50 Aniversario do cole	95

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Coñece a serie numérica.	TI
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo ou tarefas cotiás	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Expresa as súas necesidades, emocións e sentimentos.	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Identifica nas demais persoas estados de ánimo e emocións.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Incorpora ao seu repertorio lingüístico vocabulario das dúas linguas cooficiais.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Amósase sensible aos sentimentos das outras persoas e préstalles axuda cando as ve en apuros.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Amosa interese por coñecer cancións e rimas noutras linguas.	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Gústalle participar nos proxectos e pequenas investigacións que se fan na aula.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Recoñece hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar.	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Trasmite emocións, ideas e pensamentos de forma oral.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Acepta as normas de convivencia.	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Soluciona autonomamente as necesidades que xorden durante o xogo.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Iniciouse no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Recoñece e participa nas festas populares que se celebran na súa contorna.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Fai uso da biblioteca como fonte de información e como fonte de pracer.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Participa con atención nos momentos de lectura grupal.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa ideas, emocións e pensamentos a través de diferentes técnicas plásticas gozando do proceso.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Participa activamente na interpretación de cancións e xogos musicais.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valora e respecta as producións das compañeiras e dos compañeiros.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa activamente e goza en actividades de dramatización, xogo simbólico, dramático e outros xogos de expresión corporal.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Fai uso das ferramentas tecnolóxicas para a procura de información.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade. - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir.

Contidos

- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.
- Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas.
- Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.
- Avance e control progresivo da motricidade fina.
- Ampliación do repertorio lingüístico individual.
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.
- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.
- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.
- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.
- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.
- Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Asentamentos e actividades da contorna.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Respecto cara ás producións alleas. - Uso do baile e da danza como medios de expresión. - Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.

UD	Título da UD	Duración
2	Entre estrelas e planetas	235

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Progresa na coordinación dos seus movementos.	TI
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Manifesta interese por comunicarse con persoas adultas e coas/cos iguais.	
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Pode ordenar un conxunto de obxectos empregando diversos criterios sucesivamente (forma, cor, tamaño...).	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Emprega a acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Asocia as figuras xeométricas coas formas presentes no seu contorno.	
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Participa activamente en xogos espontáneos e dirixidos.	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Busca explicacións sobre as causas e as consecuencias de fenómenos do medio natural e dos producidos pola acción humana.	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo ou tarefas cotiás	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Identifica nas demais persoas estados de ánimo e emocións.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Amósase sensible aos sentimentos das outras persoas e préstalles axuda cando as ve en apuros.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Amosa interese por coñecer as peculiaridades lingüísticas da contorna próxima.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Amosa interese por coñecer cancións e rimas noutras linguas.	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Gústalle participar nos proxectos e pequenas investigacións que se fan na aula.	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	Amósase sensible cara á conservación e mantemento de ambientes limpos e non contaminados.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Participa activamente nas conversas da aula.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Adáptase ás rutinas establecidas para o grupo.	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Participa nas actividades de xogo simbólico orientadas á identificación de todo tipo de estereotipos.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Iniciouse no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Participa con interese en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Fai uso da biblioteca como fonte de información e como fonte de pracer.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Participa en conversas e outras propostas lúdicas a partir da lectura de textos literarios.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa ideas, emocións e pensamentos a través de diferentes técnicas plásticas gozando do proceso.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Participa activamente na interpretación de cancións e xogos musicais.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Explora as posibilidades plásticas e creativas de diversos materiais, útiles, soportes.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa activamente e goza en actividades de dramatización, xogo simbólico, dramático e outros xogos de expresión corporal.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Fai uso das ferramentas tecnolóxicas para a procura de información.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafa. Situacións nas que se fai necesario medir. - Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos e control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas. - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións. - Avance e control progresivo da motricidade fina. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. - Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia. - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade. - Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc. - Respeto e protección do medio natural. Respeto polo patrimonio cultural presente no medio físico. - A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz. - Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega. - Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. - Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas. - Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos. - Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación. - Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna. - Asentamentos e actividades da contorna. - Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Aprecio da escoita musical como fonte de gozo. - Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos. - Respecto cara ás producións alleas. - Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática. - Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.

UD	Título da UD	Duración
3	Deportistas olímpicos	215

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Clasifica os obxectos atendendo á posesión dalgún atributo.	TI
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Progresa na coordinación dos seus movementos.	
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Explora as posibilidades plásticas e creativas de diversos materiais, útiles, soportes.	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Identifica os diferentes usos e funcións dos números.	
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Participa activamente en xogos espontáneos e dirixidos.	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Ordena temporalmente as súas descrições utilizando correctamente as nocións: onte, hoxe, mañá.	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo ou tarefas cotiás	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Identifica nas demais persoas estados de ánimo e emocións.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Respecta as quendas de palabra e escoita con atención ás compañeiras e os compañeiros.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Amósase sensible aos sentimentos das outras persoas e préstalles axuda cando as ve en apuros.	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Gústalle participar nos proxectos e pequenas investigacións que se fan na aula.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Amosa interese por coñecer cancións e rimas noutras linguas.	
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Busca explicacións sobre as causas e as consecuencias de fenómenos do medio natural e dos producidos pola acción humana.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Actúa con iniciativa e autonomía en actividades da vida cotiá.	
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	Transmite emocións, ideas e pensamentos de seu coas súas creacións.	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Relaciónase en actividades ou xogos con outras persoas evitando todo tipo de discriminación.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Iniciouse no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Recoñece e participa nas festas populares que se celebran na súa contorna.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Gústalle mirar e ler libros de forma autónoma.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Participa en conversas e outras propostas lúdicas a partir da lectura de textos literarios.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Dá a súa opinión sobre producións plásticas cunha pequena argumentación.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Participa activamente na interpretación de cancións e xogos musicais.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Desfruta experimentando cos materiais plásticos.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa activamente e goza en actividades de dramatización, xogo simbólico, dramático e outros xogos de expresión musical.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Fai uso das ferramentas tecnolóxicas para a procura de información.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir. - Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas. - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións. - Avance e control progresivo da motricidade fina. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. - Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia. - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. - Creación de textos ou enunciados orais formais e informais. - Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade. - Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc. - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico. - Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. - A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz. - Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. - Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega. - Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos. - Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación. - Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna. - Asentamentos e actividades da contorna. - Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras. - Aprecio da escoita musical como fonte de gozo. - Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos. - Respecto cara ás producións alleas. - Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática. - Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.

UD	Título da UD	Duración
4	PDI 50 Aniversario do cole	95

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Coñece a serie numérica.	TI
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo ou tarefas cotiás	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Expresa as súas necesidades, emocións e sentimentos.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Ofrece axuda ás compañeiras e os compañeiros en situacións cotiás.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Amosa interese por participar en interaccións orais noutras linguas.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Gústalle participar nos proxectos e pequenas investigacións que se fan na aula.	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Fala con intención de comunicarse co resto de persoas.	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	É quen de narrar situacións nos distintos ámbitos nos que participa.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Actúa con iniciativa e autonomía en actividades da vida cotiá.	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Relaciónase en actividades ou xogos con outras persoas evitando todo tipo de discriminación.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Iniciouse no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo.	Gusta de empregar a escritura con diferentes fins: informativos, lúdicos, creativos...	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Recoñece e participa nas festas populares que se celebran na súa contorna.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Fai uso da biblioteca como fonte de información e como fonte de pracer.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Comparte coas compañeiras e cos compañeiros interpretacións, sensacións, emocións e opinións tras a escoita de textos literarios.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Dá a súa opinión sobre producións plásticas cunha pequena argumentación.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Explora as posibilidades sonoras da voz, dos obxectos cotiáns e dos instrumentos musicais.	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresa ideas, emocións e pensamentos a través de diferentes técnicas plásticas gozando do proceso.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa activamente na interpretación de danzas colectivas e individuais respectando o espazo vital das demais persoas.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Fai iso das ferramentas tecnolóxicas para a procura de información.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir.
- Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas.
- Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.
- Avance e control progresivo da motricidade fina.
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.
- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.
- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.
- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Asentamentos e actividades da contorna.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos¿) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.

Contidos

- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía constitúe o conxunto de criterios e decisións que organizan, de forma global, a acción didáctica nas aulas. Nas aulas de infantil do noso centro lévase a cabo unha metodoloxía activa e participativa, baseada nos principios da Escola Nova e na corrente constructivista, e tendo en conta tamén as orientacións pedagóxicas recollidas no Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Trátase dunha metodoloxía centrada nos nenos e nenas, que adquiren un papel protagonista na construción das súas propias aprendizaxes, como sinalaba Piaget, favorecendo a súa autonomía e a cooperación cos demais nun ambiente rico en estímulos. Deste xeito favoreceranse aprendizaxes significativas e funcionais, que segundo Ausubel requiren establecer numerosas relacións entre o que xa se coñece e as novas aprendizaxes. Xurde así a necesidade de partir das ideas e coñecementos previos do alumnado, das súas vivencias e dos seus intereses.

Nesta liña, seguirase o enfoque globalizador defendido por Decroly, presentando os coñecementos relativos ás distintas áreas curriculares de maneira dinámica e interrelacionada. E isto, por suposto, está moi relacionado co desenvolvemento das competencias clave, xa que estas supoñen tamén un carácter integrador das aprendizaxes.

Nestas idades a actividade é un requisito indispensable para o desenvolvemento e a aprendizaxe. Os nenos e nenas "aprenden facendo", nun proceso que precisa da observación, a manipulación, a experimentación e a reflexión. Relacionado con isto, tamén é importante sinalar que o xogo constitúe unha gran fonte de aprendizaxes, como xa defendía Froebel, polo que se deberá dotar de carácter lúdico as actividades, evitando a dicotomía xogo-traballo.

E, por suposto, o proceso de ensino-aprendizaxe realizarase baixo un clima de afecto e confianza, respectando os diferentes ritmos de maduración, aprendizaxe e desenvolvemento, sempre en colaboración e coordinación coas familias.

ORGANIZACIÓN ESPACIAL

A aula está situada na planta baixa do edificio principal. Trátase dun espazo non moi amplo pero si luminoso, con mobiliario variado e material en boas condicións, todos eles organizados tratando de prestar atención ás características propias dos nenos e nenas destas idades e favorecendo a súa autonomía.

Na entrada exterior da aula atópanse os colgadoiros, identificados cada un co nome dun dos alumnos e alumnas. Neles colgarán os seus abrigos nada máis chegar á aula e deixarán os mandilóns á hora de marchar.

Na zona central da aula atópanse distribuídas 4 mesas redondas, cada unha identificada cunha pegatina redonda dunha cor. Así, cada mesa constitúe un equipo: equipo vermello, equipo amarelo, equipo verde e equipo azul, cada un composto por 4/5 alumnos.

Cada neno ten o seu propio casilleiro identificado cunha etiqueta na que aparecen o seu nome e a foto, e neles gardarán os traballos que vaian realizando ao longo do trimestre para posteriormente levalos á casa.

As paredes da aula están decoradas con letras e números, e iranse ambientando con debuxos dos propios nenos e nenas.

Contamos, ademais, cun encerado e unha pantalla dixital. Tamén temos un tendal no que se colgan con pinzas os debuxos que necesitan secar (por exemplo, os realizados con pintura de dedos).

Os recunchos da aula

A organización da aula en recunchos permite organizar o alumnado en pequenos grupos que realizan simultaneamente actividades diferentes, potenciando a autonomía e iniciativa persoal, o sentido da responsabilidade e a colaboración e interacción entre nenos e nenas.

Na aula, cada recuncho ten un espazo delimitado, e coidarase que neles os materiais sexan variados, o que facilitará o desenvolvemento de diversas destrezas e capacidades. Os recunchos de actividade cos que contamos na aula son os seguintes:

- O recuncho da asemblea: un espazo amplo e sen obstáculos onde se realizan as asembleas diarias, polo que é tamén o recuncho no que nos reunimos cada día para nomear o encargado e onde se contan contos e outras actividades de expresión oral.

- O recuncho da biblioteca: neste recuncho a diversidade de materiais ten como obxectivo despertar a curiosidade dos nenos e nenas pola linguaxe escrita. É necesario que os contos sexan atractivos esteticamente, con boas e variadas ilustracións, e con textos ben elaborados, tanto de contos populares como de autor.

- O recuncho TIC, no que contamos cun ordenador de mesa, unha tablet e unha bee bot, ademais da pantalla dixital nomeada anteriormente. Este recuncho permite realizar diversas actividades:

* Visualización de vídeos musicais.

* Audición de cancións e contos.

* Búsqueda de información sobre diversos temas.

* Acceso a páxinas web con contidos e xogos educativos adaptados ao alumnado de educación infantil.

* Xogos multimedia.

* Elaboración de textos para actividades de aula, como títulos, relatos e frases.

* Acceso á páxina web do colexio e ao blog da aula.

Coa tablet, situada ao alcance dos nenos e nenas, o alumnado ten a oportunidade de fotografar aqueles momentos que consideran significativos. Con estas imaxes poderán elaborarse cadernos sobre as experiencias vividas na aula, murais e elaborar puzzles, entre outras actividades.

- O recuncho da casa: equipado cunha cociña, cubertos, pratos, diversos alimentos, bonecos, útiles de limpeza e outros materiais e xoguetes de simulación que permiten aos nenos e nenas recrear situacións da vida cotiá como facer a comida ou mercar no supermercado.

- O recuncho das construcións: equipado con bloques de construción, puzzles e outros materiais como coches e animais de xoguete.

- O recuncho de arte: equipado con material diverso para poder experimentar a través de diferentes técnicas plásticas. Nel os nenos e nenas poden atopar folios e cartolinas de cores, debuxos para pintar, pegatinas, rotuladores, pinceis, témperas e tesoiras para elaborar as súas propias creacións artísticas de forma libre e creativa.

- O recuncho disfraces: equipado con disfraces e outros complementos, como sombreiros e anteollos, cos que o alumnado pode caracterizarse para representar diferentes personaxes.

Por outra banda, ademais destes recunchos, na aula contamos tamén cos seguintes elementos:

O buzón

Na aula temos un buzón, construído cunha caixa de cartón decorada. Neste buzón o alumnado pode depositar as cartas (con debuxos e pequenos textos) que desexe enviarlle aos seus compañeiros e compañeiras.

Este buzón tamén nos ofrece a oportunidade de que as familias nos envíen cartas con poemas, adiviñas ou información relacionados cos nosos proxectos. Do mesmo modo, poderemos establecer correspondencia con outros centros educativos, seguindo o modelo de Freinet e a súa correspondencia interescolar.

O museo da aula

O museo da aula é un espazo que cambiará a súa temática en función do centro de interese que se traballe en cada momento. Nel situaranse obxectos, libros, fotografías e outros materiais que garden relación con cada un dos proxectos que se traballen ao longo do curso. Así, por exemplo, durante a unidade didáctica "Aventura pirata" converterase no Museo dos Piratas.

O punto de reciclaxe

Trátase dun espazo para a reciclaxe no que contamos con tres cubos (amarelo, verde e azul), cada un destinado a un tipo de lixo (plásticos, residuos orgánicos e papel). Deste xeito fomentaranse hábitos de separar residuos para que poidan ser reciclados.

ORGANIZACIÓN TEMPORAL

O tempo na aula de educación infantil organízase de maneira flexible, tendo en conta os ritmos de actividade, xogo e descanso dos nenos e nenas, as súas necesidades e podendo adaptarnos a calquera situación imprevista que poida darse.

A xornada escolar está organizada a través de rutinas, entendidas como aquelas actividades que se producen de forma regular e que lles proporcionan aos nenos e nenas seguridade e que lles permiten orientarse no tempo.

Podemos diferenciar, así, diferentes momentos ou rutinas ao longo da xornada escolar:

MOMENTO DE ENTRADA

- Ao chegar á aula, a mestra saúda aos alumnos e alumnas e convídaos a pasar.
- Colocan os seus abrigos nos colgadoiros e as mochilas nas cadeiras.
- Fichan collendo as súas fotografías no panel que representa a casa e colocándoas no panel da escola.
- Establécense conversas entre os compañeiros e compañeiras e coa propia mestra, comentado sucesos ou novas noticias.

MOMENTO DE ASEMBLEA

Neste momento sentamos todos na alfombra do recuncho reservado para esta tarefa. Comezamos nomeando o encargado do día comprobando a quen lle toca na lista. Este encargado ocupárase de completar os paneis da asemblea coa axuda dos compañeiros e de distribuír os materiais polas mesas. Entrégaselle, ademais, o brazaletes que o identifica como encargado.

Unha vez nomeado o encargado, a asemblea continúa con:

- Control de asistencia: comprobamos quen falta fixándonos se alguén non colocou a súa fotografía no panel da escola, e contárase o número de ausentes, conversando sobre posibles razóns que xustifiquen a súa ausencia.
- O nome do encargado: fixámonos nas súas letras, tratamos de identificalas, dicir outros nomes que conteñen esas letras, así como outras palabras que comecen igual.
- Calendario: comprobamos no calendario o día da semana, o mes e a estación do ano.
- Tempo atmosférico: no panel do tempo atmosférico sinalamos a imaxe que mellor represente o tempo do día: sol / sol con nubes / nubrado / chuvioso / tormenta
- Acontecementos especiais: pode acontecer un feito especial e inesperado que suscite o interese dos alumnos e alumnas, que nos permitirá conversar e realizar algunha actividade en grupo ao respecto.
- Exercicios de linguaxe oral: a asemblea pode ser un dos momentos máis importantes para estimular a linguaxe a través de diálogos, descrições dalgunha lámina ou obxectos, lectura de contos, aprendizaxe de poesías, trabalinguas e adiviñas, que nos permitirán tamén coñecer novo vocabulario e recordar o aprendido días anteriores.
- Plan de traballo: planifícase cos nenos e nenas as actividades que se realizarán durante a xornada.

MOMENTO DE DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

Neste momento realizaranse as actividades relacionadas coa temática de cada unidade didáctica, como actividades de aproximación á lectoescritura e de lóxico-matemática. Os días que contamos coa mestra de apoio na aula, organízanse xogos de mesa que van rotando polos diferentes equipos.

MOMENTO DAS MERENDAS

As merendas son un momento idóneo para traballar hábitos de hixiene e alimentación.

- Por equipos (para evitar aglomeracións) lavan as mans no baño para logo sentarse e tomar as merendas nas mesas.
- Ao rematar trataremos de deixar todo limpo e formaremos un tren encabezado polo encargado do día para saír ao patio. Pasaxeiros ao tren!

MOMENTO DE RECREO

O recreo é un momento de expansión e de desenvolvemento, de movementos libres e desinhibidos. E o patio é, por suposto, un lugar educativo máis, no que a observación dos mestres será fundamental para coñecer mellor ao alumnado e solucionar pequenos conflitos entre eles.

MOMENTO DE PROXECTO LECTOR

En relación co Proxecto Lector do centro, realizaranse actividades de fomento da lectura como lectura de contos, invención de novas historias e representacións dramáticas.

MOMENTO DE ACTIVIDADE NOS RECUNCHOS OU TALLERES

Trátase do momento que os nenos e nenas pasarán nos diferentes recunchos establecidos na aula ou no que se desenvolverán talleres, como o taller de témperas ou de figuras con plastilina.

MOMENTO DE SAÍDA

Os nenos e nenas quitan o mandilón, cólgano no seu colgadoiro correspondente e prepáranse para marchar.

Finalmente, tamén en relación coa organización temporal, convén sinalar que semanalmente contamos coas seguintes sesións impartidas polos mestres especialistas:

- Luns a 2ª hora: PSICOMOTRICIDADE

- Luns a 5ª hora: MÚSICA
- Mércores a 4ª hora: RELIXIÓN/ALT.
- Xoves a 4ª hora: INGLÉS
- Venres a 2ª hora: PSICOMOTRICIDADE

Tamén temos establecidas sesións de informática e PELO (Programa de Estimulación da Linguaxe Oral) en coordinación coa mestra de apoio.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material funxible: ceras, rotuladores, témperas, plastilina, barras de pegamento, papel de diferentes tipos (celofán, charol e de seda) e cartolinas, entre outros.
Material non funxible: punzóns, tesoiras, pinces e útiles de modelado.
Material de xogo simbólico: bonecos, disfraces, xoguetes relacionados coa cociña e a limpeza, así como coches.
Xogos didácticos: bloques lóxicos, bloques de construción, regretas, crebacabezas e dominós.
Material informático: ordenador de mesa, pantalla dixital, tablet e bee bot.
Material de refugallo: rolos de papel hixiénico, caixas de cartón, envases de plástico, papel de periódico, teas e botóns.
Materiais naturais: follas, sementes e pedras procedentes do entorno natural.
Material de psicomotricidade: pelotas, aros, cordas, bolos, colchonetas, canastas e porterías.
Material de música: instrumentos musicais.
Material da biblioteca do centro: libros, xogos didácticos, radio escolar e sala de cine.
Recursos humanos: todas aquelas persoas que interveñen na práctica educativa. Inclúense aquí os especialistas de educación musical, lingua estranxeira, psicomotricidade e relixión, así como as familias e outras persoas que participen nalgún contacontos ou taller na aula.
Recursos ambientais: todos aqueles que, estando fóra da aula, poden ser utilizados ao longo do curso escolar para a realización de actividades. Exemplos disto son os espazos naturais que poderemos visitar ao longo do curso.

Son recursos materiais todos aqueles obxectos cos que os nenos e nenas poden relacionarse no entorno escolar. Inclúese aquí tanto o material propio do centro educativo como todo aquel que os alumnos e a mestra traen das súas casas.

É esencial que os materiais sexan variados, atractivos e que proporcionen innumerables oportunidades de observación, manipulación e experimentación, principais fontes da aprendizaxe infantil. Deberán, ademais, adaptarse aos tipos de contidos, favorecer as relacións sociais e espertar o interese dos alumnos.

Cada material ten o seu lugar na aula, o que permite saber a súa localización e facilitará a súa colocación posterior, favorecendo así a creación de hábitos de orde. Están dispostos de forma que resultan facilmente accesibles para que así os nenos e nenas se acostumen a utilizalos de forma autónoma, coidándoos e compartíndoos cos demais.

Unha observación sistemática e continua sobre as actividades que os pequenos realizan nos distintos espazos e cos diferentes materiais, daranos as pautas necesarias para establecer as modificacións oportunas tanto na selección dos materiais e a distribución dos espazos, como a organización do tempo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial permite coñecer o punto de partida dos nenos e nenas e presenta un marcado carácter preventivo, xa que constitúe un medio idóneo para identificar posibles necesidades educativas que precisen medidas de atención á diversidade.

Dentro da aula, esta avaliación inicial realízase durante as primeiras semanas do curso tendo en conta a información recollida a través de:

- A observación directa e sistemática do alumnado, valorando aspectos como a participación nas actividades didácticas, as interaccións que establecen cos demais compañeiros e mestres, e a autonomía nas rutinas.
- A análise das producións realizadas polos nenos e nenas, como os debuxos e outras actividades que nos desvelan o seu grao de desenvolvemento da grafomotricidade e a capacidade para empregar certos materiais de forma autónoma.
- A información aportada polas familias.

En todo caso, a avaliación debe constituír unha práctica habitual e permanente que permita valorar as aprendizaxes e os procesos de desenvolvemento do alumnado. Pois, tal e como se concreta no Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, a avaliación será global, continua e formativa. É dicir, atenderá a todos os elementos que interveñen no proceso educativo, desenvolverase ao longo de todo o proceso e permitirá ir establecendo os axustes necesarios.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade didáctica, para o que se terán en conta as táboas de indicadores coa escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade.

Cada alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado polos mestres e mestras.

Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

6. Medidas de atención á diversidade

Enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Así aparece recollido no Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

Dentro da diversidade, enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo aquel que require, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Pois ben, dentro da diversidade da aula non contamos con alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

De todas formas, no caso de aparecer algún tipo de necesidade ao longo do curso reflexionarase sobre a necesidade de levar a cabo medidas ordinarias de atención á diversidade, como a adaptación dos tempos ou o grao de dificultade á hora de realizar certas actividades, adecuando así a metodoloxía ás necesidades do noso alumnado.

O obxectivo da atención á diversidade é, polo tanto, conseguir que todos os nenos e nenas acaden o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades. E, por suposto, na aula coidarase que o alumnado tome conciencia de que vivimos nun mundo diverso no que temos que ser capaces de convivir respectando aos demais.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - En relación con un mesmo: fomentárase que todos os nenos e nenas teñan unha imaxe positiva de si mesmos, e axudaráselles a superarse a si mesmos nos seus medos e inquedanzas.	X	X	X	X
ET.2 - En relación cos outros: reflexionarase sobre a importancia de respectar aos demais e as diferenzas entre as persoas, o valor da amizade cos compañeiros e a necesidade de compartir cos demais. Tamén se inclúe aquí a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, e a non violencia.	X	X	X	X
ET.3 - En relación coa saúde: destacarase a importancia de seguir un estilo de vida saudable coidando a alimentación e realizando actividade física, así como a necesidade de coidar a hixiene persoal.	X	X	X	X
ET.4 - En relación co medio: lembrarase a importancia de respectar o medio ambiente e o consumo responsable, reducindo na medida do posible o noso impacto sobre o planeta.	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais aquí recollidos traballaranse ao longo de todo o curso académico e, polo tanto, abordaranse en todas as unidades didácticas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Museo da aula	Actividades que xorden a partir dos materiais expostos no museo da aula. Este museo é un espazo que cambia a súa temática en función do centro de interese que se traballa en cada trimestre. Nel sitúanse os obxectos, libros, fotografías e outros materiais que o alumnado trae das súas casas e que gardan relación con cada unha das unidades didácticas que se traballan ao longo do curso.	X	X	X
Contacontos en familia	As familias están invitadas a acudir á aula para compartir co alumnado a lectura de contos infantís. Todas elas foron informadas na reunión inicial realizada ao comezo do curso escolar.	X	X	X
Xincanas polo patio	Actividades realizadas cun plano do centro escolar co que se realizan xincanas polo patio, buscando os obxectos marcados no mapa. Realizarase unha xincana cada trimestre, e estará relacionada coa unidade didáctica que se estea a desenvolver na aula nese momento.	X	X	X
Obradoiros de compostaxe	Actividades programadas polo Equipo de actividades complementarias e extraescolares coas que dar a coñecer o composteiro do colexio e animar ao alumnado a participar no proceso de compostaxe cos restos orgánicos que sobran nas merendas.	X	X	X
Teatro de monicreques	Actividades programadas polo Departamento de orientación coas que achegar as emocións ao alumnado de Educación infantil a través do teatro de monicreques. Realizarase unha sesión cada trimestre.	X	X	X
Horto escolar	Actividades relacionadas co coidado e mantemento do horto escolar, dende sementar diferentes vexetais ata regar e a posterior recolleita dos mesmos.	X	X	X
Saídas á contorna	Actividades coas que saír do centro escolar e visitar espazos significativos da vila.	X	X	X
Conmemoracións oficiais e outras celebracións	Actividades establecidas pola Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, como o Día da Infancia ou o Día Mundial do Medio Ambiente. Tamén se inclúen aquí outras celebracións organizadas o Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares e que están recollidas na PXA, como o Samaín e o Magosto.	X	X	X
Actividades para favorecer a transición a Ed. Primaria	Visitas ás aulas de primeiro de Primaria para realizar actividades conxuntas. Realizarase unha visita cada trimestre, para a que as titoras programarán unha actividade conxunta relacionada cunha das conmemoracións oficiais.	X	X	X

Observacións:

Enténdese por actividades complementarias aquelas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que teñen un carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
As actividades promoven o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
As actividades favorecen o desenvolvemento das competencias clave.
As actividades permiten acadar os obxectivos propostos.
A avaliación desenvólvese ao longo de todo o proceso.
Os instrumentos de avaliación son suficientes e adecuados.
Metodoloxía empregada
As actividades deseñadas parten dos coñecementos previos dos nenos/as.
As actividades deseñadas teñen en conta os intereses dos nenos/as.
Realízanse actividades en gran grupo, pequeno grupo e individuais.
Realízanse actividades de aproximación á lectoescritura.
Realízanse actividades para fomentar o uso das TIC.
Os elementos transversais están presentes no desenvolvemento das actividades.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A organización dos espazos permite os desprazamentos autónomos dos nenos/as.
A organización dos espazos evita aglomeracións en determinadas zonas.
A temporalización das actividades é flexible e adecuada ás características do alumnado.
Os recursos materiais están ao alcance dos nenos/as.
Os recursos materiais permiten a manipulación.
Os recursos materiais son atractivos para o alumnado.
Medidas de atención á diversidade
As actividades son programadas tendo en conta a atención á diversidade.
As medidas de atención á diversidade son suficientes.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Promóvese a participación das familias na vida diaria da aula.
Existe coordinación co resto do equipo docente.

Descrición:

Ademais do proceso de aprendizaxe dos nenos e nenas, a avaliación tamén debe atender á práctica educativa docente valorando aspectos como:
a adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado, o desenvolvemento das actividades, a organización dos espazos e tempos, e os recursos empregados. Todo isto sen esquecer as medidas de atención á diversidade, e a comunicación e coordinación coas familias e outros mestres implicados no proceso de ensino-aprendizaxe.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao final de cada trimestre realizarase un seguemento da presente programación a través da aplicación PROENS para establecer as propostas de mellora pertinentes.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36003832	CEIP Valle-Inclán	O Grove	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Relixión Católica	6º Inf.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	10
6. Medidas de atención á diversidade	11
7.1. Concreción dos elementos transversais	11
7.2. Actividades complementarias	12
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	12
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	13
9. Outros apartados	13

1. Introducción

O acordo entre o Estado español e a Santa Sé sobre ensino e asuntos culturais contempla o dereito a recibir ensinanzas de relixión católica. Conforme a isto, a disposición adicional segunda da Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación establece que se incluírá a relixión católica como área ou materia nos niveis educativos que corresponda.

E no Real Decreto 95/2022 de 1 de febreiro dispónse que esta materia incluírase no segundo ciclo desta etapa educativa e que será competencia da xerararquía eclesiástica da Igrexa católica a determinación do correspondente currículo.

Neste marco as ensinanzas de relixión católica son de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias.

O CEIP Valle Inclán está situado nunha vila da costa atlántica galega, o nivel socioeconómico das familias é medio e a maioría traballan no sector servizos. A lingua predominante na localidade e no colexio é o castelán. En xeral, a preocupación dos pais pola educación dos seus fillos é alta acudindo ás citas que se lles propoñen para tratar os asuntos relativos ó proceso de enseñanza-aprendizaxe dos seus fillos. Tamén colaboran nas actividades propostas polo centro.

No presente curso 2023-2024 o CEIP Valle-Inclán de O Grove conta con 1 unidade no 6º nivel de Educación Infantil nos que hai a día de hoxe 18 alumnos e alumnas. Dos cales están matriculados en Relixión Católica 8 nenos e nenas. A proposta educativa desta asignatura favorece o proceso educativo do alumnado, a sensibilidade espiritual e o despertar da experiencia relixiosa. Axuda a comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado en contextos plurais e diversos.

Tamén complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, experimentar e expresar a identidade persoal a través do coñecemento do seu corpo e o desenvolvemento das súas capacidades afectivas e calidades, mediante o achegamento a figuras bíblicas e persoas significativas, para adquirir autonomía nas súas actividades cotiás e hábitos básicos de relación.	1			1	1			
OBX2 - Recoñecer, experimentar e apreciar as relacións persoais e coa contorna, desenvolvendo habilidades sociais e actitudes de respecto, a través de escóitaa e comprensión de narracións bíblicas, para promover valores da vida en comunidade e contribuír así á fraternidade humana.					1	1		
OBX3 - Observar, aceptar e gozar a diversidade persoal e social descubrindo nas súas contornas próximas situacións nas que poida cooperar no coidado da casa común, desde o recoñecemento dos valores da mensaxe e os feitos de Xesús de Nazaret, para xerar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia.						1	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Explorar e admirar diferentes contornas naturais, sociais, culturais e artísticas gozando das súas manifestacións máis significativas e descubrindo os seus valores cristiáns, para desenvolver creatividade, sensibilidade estética e sentido de pertenza.							1	1
OBX5 - Descubrir, manifestar e xerar gusto por cultivar a súa interioridade, explorando pensamentos, emocións, sentimentos e vivencias, admirando diferentes expresións da tradición xudeocristiana e outras tradicións relixiosas, para crecer coa liberdade e seguridade necesarias que posibiliten o desenvolvemento da dimensión espiritual e as bases do propio sistema de valores e crenzas.	1					1		
OBX6 - Coñecer e apreciar a figura de Xesús de Nazaret e da comunidade eclesial, a través de relatos bíblicos e manifestacións relixiosas da contorna, para recoñecer o específico da tradición cristiá nun contexto social de pluralidade relixiosa.	1							1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Que bonito é o mundo	Deus creador, cantos regalos	6			X
2	Os amigos de Deus e as tradicións	Os santos, e San Martín a festa do noso patrón	5	X		
3	Xesús nace nos nosos corazóns	O Nadal	6	X		
4	Xesús quéreme e cóidame	A vida de Xesús	6		X	
5	Chega a Semana Santa	Celebracións, entrada en Xerusalén. a Última Cea, Xesús vive	6		X	
6	A comunidade dos cristiáns	Os amigos de Xesús hoxe	6			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Que bonito é o mundo	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubrindo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas	TI

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - O coidado e o respecto do corpo e da natureza na visión cristiá. - O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá. - Admiración e coidado da natureza como creación de Deus e casa común. - A fraternidade humana: fillos e irmáns dun único Deus. - Identidade cristiá e contorna social. - A Biblia como comunicación de Deus coas persoas.

UD	Título da UD	Duración
2	Os amigos de Deus e as tradicións	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
-------------------------	------------------------	----

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.	Identificar a Xesús de Nazaret como lo más importante del cristianismo y lo reconoce en obras artísticas.	TI

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Calidades e talentos persoais propostos en figuras bíblicas e outras biografías significativas. - Relatos bíblicos e biografías doutros personaxes da cultura da contorna que poñen de manifesto o valor da interioridade e a experiencia relixiosa. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Identidade cristiá e contorna social. - Identificación de costumes sociais e manifestacións culturais ou artísticas, como expresión da fe cristiá. - Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas. - A figura da Virxe María.

UD	Título da UD	Duración
3	Xesús nace nos nosos corazóns	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.4 - Desenvolver hábitos de acollida e amabilidade aprendidos a través de contos e narracións bíblicas sobre a vida en comunidade.	Coñece as persoaxes do Nadal e escoita con atención os relatos.	TI

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Identidade cristiá e contorna social. - Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo. - A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos. - Calendario litúrxico e celebracións cristiás.

UD	Título da UD	Duración
4	Xesús quere-me e cóidame	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Expresar as capacidades afectivas e calidades recoñecendo posibilidades e limitacións, utilizándoos para o seu coidado e o da súa contorna e para afrontar dificultades.	Recoñece a Xesús como alguen cercano e coñece relatos da vida de Xesús e a súa preferencia polo máis débiles	TI

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus. - A igualdade e dignidade de todos os seres humanos á luz do Evanxeo. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais. - Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá. - Actitudes de amabilidade, acollida e gratitude como expresión de respecto aos demais. - Valoración das relacións sociais, en especial da amizade. - Presentación de diversos relatos bíblicos que reflectan as accións e sentimentos de Xesús de Nazaret cara aos máis necesitados. - Actitudes de solidariedade e cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva.

UD	Título da UD	Duración
5	Chega a Semana Santa	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando produccions artísticas	TI

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Comunicación das propias emocións cando perdoamos e somos perdoados. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comuñón. - Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá. - Habilidades para a mediación e a resolución de conflitos: escoita activa, diálogo construtivo, asertividade e perdón. - Narracións bíblicas que propoñen o perdón, a misericordia e a solidariedade como características do Reino de Deus. - Identidade cristiá e contorna social. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo. - A oración de Xesús. - Calendario litúrxico e celebracións cristiás.

UD	Título da UD	Duración
6	A comunidade dos cristiáns	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.15 - Describir as crenzas e valores, propias e doutros, comunicándoas con seguridade a través de diversas linguaxes, recoñecendo o silencio e a oración como elementos da experiencia es	Recoñece imaxes de algúns elementos relixiosos propios do cristianismo	TI

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais.

Contidos

- Relatos bíblicos e biografías doutros personaxes da cultura da contorna que poñen de manifesto o valor da interioridade e a experiencia relixiosa.
- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.
- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.
- Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos.
- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.
- Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá.
- Valoración dun clima de convivencia harmónico, inclusivo e pacífico construído entre todos: o diálogo e a empatía.
- A fraternidade humana: fillos e irmáns dun único Deus.
- A vida cristiá en comunidade.
- Actitudes de solidariedade e cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva.
- Identidade cristiá e contorna social.
- As oracións e prácticas cristiás máis comúns na contorna social.
- A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos.
- A relación da persoa con Deus e as súas expresións comunitarias: a Igrexa.
- A riqueza da interculturalidade como oportunidade de desenvolvemento persoal e social.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Traballaremos na aula con una metodoloxía dinámica e activa que dende a realidade do neno nos introduza nos contidos básicos do cristianismo para descubrir situacións e vivencias próximas á realidade nas que se faga posible vivir os valores e actitudes cristiáns aprendidas. Fomentando as capacidades afectiva, cognitiva, motriz, as relación interpersoales e a inserción social.

Seremos un grupo de escaladores (a nosa aula está no andar superior do colexio) que suben á montaña para coñecer a Xesús, sempre van xuntos e cóidanse uns os outros.

Iníciase co recurso didáctico da mascota que é un paporroibo. Paporroibo vai ser quen nos axude ao longo desta etapa a lograr que os nenos e as nenas coñezan a Xesús, a súa familia, os seus amigos; que saiban o que fixo e o que dixo, e descubran todo o que podemos aprender del para as nosas vidas.

-Paporroibo en cinco anos invítanos a participar na aventura de realizar un xogo de pistas no que, ao ir percorrendo diversos lugares, en cada un deles descubrirán un símbolo importante para os cristiáns.

Os contos, as cancións e poesías son elementos básicos de motivación e aprendizaxe.

Iniciaremos a sesión con unha canción que axude a relaxación, concentración e experiencia de Deus, e tentaremos rematar con unha canción propia da unidade didáctica.

No taller do artista, traballaremos a través do arte dunha forma creativa e manipulativa.

En cada Unidade propoñémos que os nenos realicen coas súas mans algo que pode servir tanto para adornar a clase como para obsequiar os seus pais ou como elemento para decorar o seu cuarto.

Outra metodoloxía fundamental nesta etapa é o xogo. Utilizaranse xogos que traballen e desenvolvan a atención, memoria, imaxinación, creatividade, comunicación e a expresión en diferentes linguaxes.

Os xogos manipulativos: puzzles, laberintos, xogos demovemento, bailes, cantos, cartas, letras, belens manipulativos, biblioteca... serán unha parte moi importante nas tarefas diarias.

A nivel máis concreto usaremos situacións de aprendizaxe que recrean na aula situacións significativas e cotiás do

entorno persoal, familiar, social e cultural dos nenos e nenas e que se refiren ás súas necesidades e intereses. A complexidade dos retos e problemas que presentan estas situacións serán axeitados ao desenvolvemento do alumnado. As actividades que se programen terán que provocar o diálogo, o pensamento creativo e autónomo, o bó trato, a convivencia e o respecto á diferenza.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Biblia infantil
Materiais funxibles para producións artísticas (ceras de cores, lápices, témperas, papeis de cores, rotuladores...)
Monicreques
Materiais audiovisuais
Murais
Imaxes de cadros, esculturas ou edificios relacionados co cristianismo.

Aula de Relixión. Fichas elaboradas pola mestra. Reprodutor de distintos formatos audiovisuais: reprodutor CD, ordenador, proxector, aula de informática. Biblioteca de aula. DVD con cancións. DVD de películas. Power Point de elaboración propia. CD de la serie ¿La casita sobre la Roca. Currunchos de Plastilina. Quebracabezas. Barallas e cartas. Beléns

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Facer unha avaliación inicial permítenos apreciar os coñecementos previos do alumnado para realizar as adaptacións oportunas e necesarias e poder partir dos seus coñecementos previos á hora de levar a cabo o desenvolvemento das diferentes secuencias didácticas e actividades

Neste nivel usaremos unha rutina de pensamento visual coa finalidade de explorar o grao de coñecemento sobre Deus Xesús e María, algún dos personaxes bíblicos e diferentes elementos relixiosos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

A avaliación en Educación Infantil será global, continua e formativa e levarase a cabo de xeito sistemático. Os criterios na Educación infantil pretenden ser para o profesor algúns indicadores na avaliación continua e observación do alumnado co fin de reconducir o seu propio aprendizaxe. O criterio esencial é coñecer ao neno ou nena e axudarlle no seu crecemento.

Farase a partir da análise das producións do alumnado, as escalas de valoración ou cotexo, e a observación directa e sistemática, observando as condutas e os comportamentos dos nenos e nenas, as relacións que establecen cos seus iguais e os procesos de ensino e aprendizaxe.

Como en todas as áreas de Ed. Infantil, na avaliación valórase sobre todo o progreso e o grao de consecución dos obxectivos, así como o interese do alumnado.

Criterios de recuperación:

En calquera clase de educación infantil hai alumnos e alumnas con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación.

A diversidade de actividades, materiais e estratexias utilizados posibilita que todo o alumnado poida atopar algún que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.

Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio. O obxectivo de que todo alumno/a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e acade o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.

6. Medidas de atención á diversidade

Manterase o principio xeral de que o neno participe nas mesmas actividades co resto dos alumnos no caso de que sexa posible: xogo, vídeo, lecturas, comentario de láminas, mirar con arte. Outras actividades adaptáranse as capacidades do neno.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a saúde	X			X		X
ET.4 - Educación para a sustentabilidade e a ecoloxía	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para o consumo responsable	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a solidariedade	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día da Paz	O alumnado deste nivel participará nas actividades propostas dende a biblioteca escolar ou dende oo equipo de aextraescolares para festexar o día 30 de xaneiro.			

Observacións:

Participaremos naquelas actividades complementarias que se propoñan a nivel de centro dende os diferentes equipos e que se poidan adaptar a área de Relixión poñendoas en relación coa unidade didáctica que se este traballando nese momento ou con calqueira outra.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realizo a miña programación de aula de forma coherente e meditada.
Creo materiais didácticos para apoiar o aprendizaxe.
Aplico diversas metodoloxías para promover o aprendizaxe activo.
Realizo actividades baseadas no aprendizaxe cooperativo.
Potencio a participación dos alumnos na aula.
Vínculo o aprendizaxe ca vida real.
Temporalización
Actividades adecuadas.

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Estes indicadores permítenos coñecer información axeitada do noso labor docente.

Utilizaremos como ferramenta de autoavaliación docente unha lista de control cos indicadores de logro: Moito-Pouco-Nada.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta nos permite comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo aos seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
- O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.
- Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados